

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Demo e o seu mundo

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O demo na Pena Grande

A un tiro de pedra da croa de Zoñán, Mondoñedo (Lugo) está, beira do vello camiño dos Cucos e de Pelourín, a Pena Grande. Un penedo competente no que fan vida ou que usan de poleiro uns encantos que tocan a gaita, cantan, bailan e aturuxan, maiormente pola noite do víspera do San Xoán. Cóntao Lence-Santar e pon por testemuñas de telos visto e sentido, entre outros, ao Angulo e ao Grilo de Pelourín, a Monterroso de San Cristovo e ao Picos de Tronceda. O mesmo Angulo de Pelourín víu alí mesmo o trasgo unha noite de San Xoán ao regresar de Zoñán cara á casa. Seica aganchaba por un castiñeiro ao tempo que laiaba, que ensinaba os dentes e que esgazaba as canas.

Farruco da Costa, xa leva fóra deste mundo desde o 2 de xaneiro do ano 1933, o derradeiro home da comarca, segundo Lence, que gastou monteira, que dominaba a ciencia de ver nacer as herbas e que botaba as contas dos pelos dun xato, tamén víu o demo na Pena Grande por tres veces.



BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

Información de XUSTO CARREIRAS LEDO, Zoñán, Os Remedios, Mondoñedo. 20 de marzo de 1995.

BIBLIOGRAFÍA

LENCE-SANTAR, E.; Etnografía Mindoniense, (ed. de A. Requeixo), Follas Novas, Santiago de Compostela, 2.000.

REIGOSA CARREIRAS, A. «Mouros e outros enredos no castro de Zoñán», en La Voz de Galicia, (A Mariña), 20 de agosto de 2002.

COMENTARIOS ENVIADOS

Es encantador, y posee una cantidad de imágenes maravillosos

Enviado por elba gomez o 18/03/2015 ás 17:09:13